

SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

INFORME DE REVISIÓN INTERNA

CONVOCATORIA: 2013/14

Grao/ Máster Universitario:

**.Graduado ou Graduada en Enxeñaría
Mecánica**

INFORME DE REVISIÓN DO SEGUIMENTO DO TÍTULO

INFORME DE REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMIENTO DE TITULACIÓNS

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 28 de xullo de 2015

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Graduado ou Graduada en Enxeñaría Mecánica
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Escola de Enxeñaría Industrial Centro Universitario da Defensa da Escola Naval de Marín
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME - EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME

XUSTIFICACIÓN DO RESULTADO

O proceso de seguimento do título GRADUADO OU GRADUADA EN EXEÑARÍA MECÁNICA levado a cabo, de forma independente, por cada un dos centros nos que se imparte é conforme cos propósitos incluídos no documento de ACSUG “Guía de Seguimento de Títulos Oficiais de Grao e Máster (2014)”, establecidos de acordo coas recomendacións da REACU e de CURSA, e os criterios establecidos na “Guía de Avaliación interna de Seguimento das titulacións” elaborada pola Área de Apoio a Docencia e Calidade da Universidade de Vigo. Non obstante, dado que se trata dun único título (un so código de rexistro no RUCT, unha soa Memoria, e un so proceso de acreditación), o Autoinforme de seguimento tamén debe ser **único**, e debe evidenciar a coordinación entre ambos centros na implantación da titulación. Considérase oportuno salientar que este feito será obxecto de especial revisión no próximo informe de avaliación do seguimento do título.

- Información pública:

En xeral, na Web do título de ambos centros, a información está completa e dispoñible de forma clara e accesible. No obstante a existencia de dúas páxinas Web, con aspecto e estrutura moi diferente, contribúe a que se perciban os títulos como diferentes, aspecto que se mantén no proceso de autoevaluación.

- Valoración do cumprimento do proxecto:

En xeral, a reflexión aportada nos Autoinformes de seguimento, para valorar o cumprimento do proxecto establecido, proporciona información suficiente da implantación do título en ambos centros. Non obstante debe continuarse na liña de elaborar un informe menos descritivo e mais valorativo, que sirva como instrumento esencial no proceso de toma de decisións, quedando reflectido nas propostas do Plan de Acción de Melloras.

Considérase oportuno salientar que a reflexión e a elaboración dos autoinformes por centros fai difícil unha avaliación coherente do proxecto formativo no seu conxunto. Deberíase facer un esforzo de integración a todos os efectos.


A reflexión aportada dende a EEI debería estar mais focalizada no **curso e grao** que se está a avaliar, especialmente na valoración dos epígrafes “Planificación e desenvolvemento das ensinanzas” e “Resultados”.

Recoméndase actualizar a táboa “*Indicadores incluídos no SGIC e relación co Seguimento do Título*” aportada pola EEI, de forma que recolla a actual configuración do SGIC do centro e os novos rexistros e indicadores. Existe un modelo a disposición dos centros no apartado de Seguimento de Títulos, la páxina Web da Área de Apoio a Docencia e Calidade.

- Accións levadas a cabo ante as recomendacións:

En xeral, foron atendidas e resoltas as recomendacións sinaladas no último informe final emitido por ACSUG. Non obstante, recoméndase continuar co desenvolvemento de algunha delas, tal e como se indica na sección 3 deste documento

Vigo, a 28 de xullo de 2015



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Información pública

Resultado:

Conforme

A

B

Non Conforme

C

D

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Fortalezas:

- A información dispoñible na web da EEI sobre prácticas en empresa (curriculares e extracurriculares) e a súa xestión a través da secretaría virtual.
- A información dispoñible na web da EEI en relación cos programas de mobilidade (normativa, convocatorias) que é moi completa e está moi ben estruturada.
- A información dispoñible na web da EEI sobre a docencia en inglés e a posibilidade de asistir ás clases en castelán/galego ou en inglés desdobrando grupos.
- A información publicada na web do CUD sobre os resultados académicos (éxito e rendemento), desagregada por materia.
- Boa estruturación das páxinas web da EEI e do CUD.

Non conformidades:

- Non se pode acceder, de xeito sinxelo, á información relativa á resultados ou taxas académicas.

Recomendacións para a mellora :

- Revisar o número mínimo de créditos ECTS de matrícula publicados no apartado “Información Xeral/Descrición do título”, na páxina web da EEI. A normativa de permanencia da Universidade Vigo establece que o número mínimo de créditos ECTS dos que debe matricularse un alumno ou alumna, despois do primeiro ano, é de 48 ECTS a tempo completo e de 24 ECTS a tempo parcial (exceptuando o caso no que lles queden menos créditos por cursar).
- Dado que no CUD o deseño e aprobación do plan de matrícula de cada alumno e alumna corresponden a Xunta Docente, non sería imprescindible publicar a información sobre o número mínimo de créditos ECTS. Sen embargo, si se recomenda incluír, ben no apartado de preguntas frecuentes, ou no propio apartado de normativa, un resume da normativa de permanencia (as principais características), ao non existir un texto refundido para as normas

de avaliación e de progreso e permanencia nos centros docentes militares de formación.

- En distintos puntos da páxina web do título na EEI (por exemplo, no apartado Estudos/Graos/Grao en Enxeñaría Mecánica), o enlace ás guías docentes conduce sempre ao curso 2013/14. Recoméndase actualizar eses enlaces, ou eliminar da URL o parámetro que enlaza co curso académico, deste xeito, de forma automática, accédese ao curso académico actual.
- Revisar a accesibilidade á información pública (a disponible ata agora) do Plan de Acción Titorial na páxina Web da EEI. Atópase ao final da páxina “Información e apoio ao estudante”, e resulta difícil de atopar. Conviría dar máis visibilidade á esta información, tendo en conta ademais a complexidade inherente a este título.
- Revisar as guías docentes da EEI de xeito que cando se publican en máis dun idioma a información sexa completa e coherente en todos eles, e este escrita no idioma no que se publica. Así mesmo, verificar que en todas elas se especifica o idioma no que se imparte a materia.
- Unificar os criterios empregados nas guías docentes da EEI á hora de incluílas competencias. Os contidos dos apartados “competencias da titulación” e “competencias da materia”, non parecen seguir un patrón común. Nalgunhas das guías recóllense as competencias da materia que figuran na Memoria en “competencias da titulación” e os resultados de aprendizaxe en “competencias da materia”, noutras as competencias da materia indicadas na Memoria aparecen nos dous apartados repetidos, as veces a adquisición dunha competencia básica asóciase a adquisición doutras competencias.
- Incluír no apartado “Avaliación” das guías docentes de todas as materias que se imparten no grao información sobre a segunda convocatoria, na EEI. Ter en conta que segundo a normativa da EEI (“Sistema de Avaliación nos Graos”, CP 19 de Xullo de 2011) debe especificarse polo menos se se manteñen ou non as partes superadas en avaliación continua.
- Revisar a información relativa aos datos de acceso e admisión na web da EEI. A parte de que o número de prazas ofertadas varía dependendo de en que apartado se consulte, os datos sobre a demanda non se corresponden cos datos aportados neste informe. Facer extensiva a revisión o número de prazas ofertadas para o curso de adaptación, xa que non está claro si o número de prazas ofertadas é o número global para todos os curso de adaptación do centro, ou do número de prazas para este grao en particular.
- Actualizar a información relativa á normativa de permanencia que aparece no apartado “Información detallada/ Acceso e Admisión de estudantes/ Información sobre o curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso)” na web da EEI, xa que está obsoleta.
- Revisar o cadro de materias do curso de adaptación ao grao (Adaptación ao grao / Documentos e enlaces/ Planificación temporal dos cursos de adaptación) na web da EEI. Os encabezados non se ven correctamente.
- No apartado dedicado ao curso de adaptación na páxina web da EEI non aparecen os horarios do curso actual, aparecen os horarios do curso anterior. Recoméndase eliminar o enlace (os horarios recóllense de forma global noutro apartado da web) ou actualizalo.

Na información da páxina Web da EEI a información dos horarios atópase en documentos cun tipo de letra moi pequeno, o que dificulta a súa visualización e lectura en dispositivos móbiles.

- Algunhas das ofertas de TFG dispoñibles na web da EEI teñen mais dun ano de antigüidade. Se se trata de ofertas obsoletas, debería indicarse (ou eliminalas).

- Na páxina de planificación das ensinanzas, na web da EEI, figura un enlace a “TFG/TFM”, manter unicamente “TFG” xa que se trata dunha titulación de grao.
- Ampliar a información dispoñible na web da titulación na EEI sobre o profesorado (categoría, despacho, titorías, ...). Aínda que parte desta información, podería atoparse nas páxinas web dos departamentos, non todos os enlaces dos departamentos con docencia neste título funcionan correctamente, se se accede dende a páxina web da Universidade de Vigo.
- Se ben cabe destacar a información dispoñible en relación co procedemento a seguir nas solicitudes de recoñecemento de créditos, recoméndase ampliar a información pública engadindo as táboas de validacións automáticas entre as titulacións LRU e o novo título de grao na web da EEI. Así mesmo, recoméndase engadir información sobre as validacións para o alumnado que procede de ciclos superiores de formación profesional, tanto na web da EEI como na web do CUD.
- Actualizar a información relativa a “calidade”, no apartado de información detallada do título na web da EEI. Os últimos datos sobre as taxas académicas son do curso 2012/13, o enlace ao plan de melloras global do título é de 2011/12 e o enlace ao plan de mellora do centro está roto.
- Actualizar o apartado de Calidade da EEI, faltan os datos de seguimento do curso 2013/14.
- Ampliar a información dispoñible, para os distintos grupos de interese, en relación co seguimento de títulos na páxina web do CUD. Polo menos deberían publicarse os plans de accións de mellora, incluíndo a súa evolución, e todas as taxas académicas. No curso 2013/14, ademais das taxas de rendemento e éxito (que si son públicas) deberían estar publicadas as taxas de abandono.
- Ampliar a información dispoñible sobre o perfil de ingreso recomendado na web do CUD. Na páxina web indícanse claramente os requisitos de acceso, pero non se especifican outras características recomendadas para o título, que si que se recollen na Memoria.
- Ampliar a información dispoñible sobre o perfil de egreso na web do CUD. Sinalar que neste caso a titulación habilita para exercer a profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial.
- Revisar a información dispoñible sobre os horarios na web do CUD, especificando que semanas son de tipo A e cales son de tipo B.

Suxestións:

- Engadir a posibilidade de filtrar as ofertas de TFG por titulación, na web da EEI, sen necesidade de abrir a oferta, ou incluír a información sobre a que titulacións vai dirixida no título ou resumo.
- Ampliar o conxunto de normativas publicadas na web do CUD, incluíndo a normativa relacionada coa expedición do suplemento europeo ao título (RD 1044/2003, do 1 de agosto, BOE 11/09/03, e a normativa reguladora de tramitación do suplemento europeo ao título da Universidade de Vigo).

INFORMACIÓN PÚBLICA: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL E TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegaciones presentadas por el CUD	Consideración do equipo avaliador
<p>Con respecto a:</p> <p><i>Non se pode acceder, de xeito sinxelo, á información relativa á resultados ou taxas académicas.</i></p> <p>Alegaciones:</p> <p>En el apartado de la web del CUD que describe la titulación, hay un subapartado denominado “Resultados” donde se pueden consultar las tasas académicas (éxito y rendimiento) para los cuatro cursos 2010-11, 2011-12, 2012-13 y 2013-14. Se publican los valores desagregados por asignatura. Es cierto (como se señala también en este informe de revisión interna) que falta publicar ahí los valores de la tasa de abandono, cuyo cálculo se ha podido realizar por primera vez para los dos últimos cursos. En general, creemos que el acceso a esta información es sencillo.</p>	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>La información pública relativa a los resultados en la Web del CDU resulta de fácil acceso. No obstante, cabe indicar que este criterio debe aplicarse a la titulación en los dos centros, encontrándose que dicho acceso no es sencillo en la EEI, por lo que se mantiene la no conformidad en relación a la valoración de este epígrafe. Por otra parte, tanto en la página web del CUD como de la EEI aún no están disponibles otros resultados de la titulación, como tasas académicas (tasa de evaluación, abandono, rendimiento, éxito, resultados de satisfacción...) para el curso 2013/14.</p>
<p>Con respecto a:</p> <p><i>En xeral, o feito de presentar a información do título nas respectivas páxinas Web de cada centro contribúe a crear confusión sobre o carácter único do proxecto formativo. Conviría facer unha reflexión a este respecto e tratar de presentar a información pública do título de forma única, incluíndo as características do desenvolvemento de título en cada centro.</i></p> <p>Alegaciones:</p> <p>Hemos comprobado, en los primeros años de implantación del título, que es fundamental transmitir a los potenciales alumnos que, aunque se imparta un mismo título en ambos centros, se trata de proyectos formativos diferentes. La confusión en los primeros años dio lugar a que ingresasen alumnos en el CUD con la idea de ser graduados en ingeniería mecánica, no militares, causando la correspondiente baja posterior con el consecuente perjuicio para la Armada, que perdió esas plazas y no se recuperaron. Es fundamental que se visualice que los alumnos del CUD acceden para ser militares, no únicamente para obtener el grado de ingeniería mecánica. Por eso, defendemos que no es buena idea una web conjunta del título.</p>	<p>Admitida:</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Si bien, dadas las características específicas y singulares de esta titulación, puede resultar razonable mantener como canal de información pública dos páginas Web para los dos colectivos principales de acceso (a los dos centros), conviene recordar e incidir en que la titulación académica y el proyecto formativo como tal es único. En todo caso, debe demostrarse que existen mecanismos de coordinación que permiten presentar la información pública que es común en ambos centros con los mismos contenidos. Cabe indicar que ya en el propio informe de evaluación provisional se planteaba como una recomendación, no como una no conformidad.</p>

Con respecto a:

Incluír no apartado “Avaliación” das guías docentes de todas as materias que se imparten no grao información sobre a segunda convocatoria, tanto no CUD como na EEI. Ter en conta que segundo a normativa da EEI (“Sistema de Avaliación nos Graos”, CP 19 de Xullo de 2011) debe especificarse polo menos se se manteñen ou non as partes superadas en avaliación continua.

Alegaciónes:

Es cierto que sólo en una parte de las guías docentes de las asignaturas se incluyen referencias a la evaluación en la segunda oportunidad. Sin embargo, debemos aclarar (aunque no se publiquen en la web) que todos los cursos intensivos que se imparten (en aquellas materias que tienen alumnos suspensos que deben examinarse en la convocatoria extraordinaria, esto es, prácticamente el 100% de las materias) cuentan con una guía docente específica que describe los objetivos de este curso intensivo así como la evaluación en la convocatoria extraordinaria. Con carácter general, las diferentes oportunidades de evaluación (ordinaria y extraordinaria) cubren toda la materia (*Orden Ministerial 49/2010, de 30 de julio, por la que se establecen las normas de evaluación y de progreso y permanencia en los centros docentes militares de formación, para la incorporación a las escalas de oficiales*), con lo que no se conservan partes superadas por evaluación continua.

Admitida:

- Si**
 Non

Xustificación:

Cabe señalar que lo que se valora en este epígrafe es si la información relativa al sistema de evaluación es pública y de fácil acceso para el estudiante, tanto en el CUD como en la EEI. Revisadas las guías docentes, se comprueba que está claro que la evaluación en segunda oportunidad (julio) consiste en un examen con el valor del 100% de la nota.

En cualquier caso, cabe indicar que ya en el propio informe de evaluación provisional se planteaba como una recomendación, no como una no conformidad.

2. Valoración do cumprimento do proxecto establecido

Resultado:

- | | |
|---|--|
| <input checked="" type="checkbox"/> Conforme | <input type="checkbox"/> Non Conforme |
| <input type="checkbox"/> A | <input type="checkbox"/> C |
| <input checked="" type="checkbox"/> B | <input type="checkbox"/> D |

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Fortalezas

Criterio asociado	Xustificación
Xustificación	<ul style="list-style-type: none"> - Valórase positivamente o esforzo da EEI por establecer e manter numerosos Convenios de Cooperación Educativa que facilitan a realización de prácticas en empresa.
Competencias/ Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Valórase positivamente o emprego na EEI dunha ferramenta software para a verificación da orixinalidade dos TFG, o que simplifica dita tarefa. - É salientable a impartición de materias en inglés e a elaboración da normativa asociada.
Acceso e admisión	<ul style="list-style-type: none"> - Valorase o esforzo da EEI por desenvolver campañas de promoción e captación de alumnado nun conxunto amplo de IES tanto en Galicia como nas provincias limítrofes de Castela e León. - Realización de enquisas ao alumnado de novo ingreso na EEI co obxectivo de obter información sobre como coñeceron o título e o impacto das distintas accións de promoción. - No caso da EEI valórase moi positivo a visión exterior do centro mediante o emprego de redes sociais e youtube.
Planificación das ensinanzas	<ul style="list-style-type: none"> - Estancia no CUD dun profesor no marco do programa Fulbright, fortalecendo as competencias idiomáticas do alumnado. - Valórase positivamente o procedemento seguido no CUD para impartir dúas materias a bordo do buque escola Juan Sebastián el Cano. - Valórase positivamente a coordinación do CUD coa Academia Naval Americana co fin de manter o intercambio de estudantes. - Reunións de avaliación levadas a cabo no CUD onde o profesorado expón as leccións aprendidas de cara a elaboración das novas guías

	docentes.
Resultados	– Bos resultados académicos obtidos polo alumnado do CUD.
Boas prácticas	– Consolidación de boas prácticas tanto na EEI como no CUD, tales como: utilización de perfiles da EEI en redes sociais, realización do curso cero na EEI, realización dun exame ao alumnado de novo ingreso no CUD para identificar posibles carencias e deseñar o curso cero en base aos resultados, impartición de cursos adaptados aos alumnos e alumnas do CUD con materias suspensas, impartición de cursos intensivos para o alumnado do CUD que debe acudir aos exames extraordinarios

Non Conformidades

Criterio asociado	Xustificación
Competencias/ Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> – Non parece haber unha reflexión sobre a adquisición das competencias a través do desenvolvemento do TFG
Planificación das ensinanzas	<ul style="list-style-type: none"> – Non existen evidencias sobre as accións de coordinación levadas a cabo entre a EEI e o CUD, os dous centros nos que se imparte a titulación. – A reflexión sobre os mecanismos e accións de coordinación levadas a cabo durante o curso na EEI non é completa. No informe de coordinación do grao indícase que é preciso modificar os mecanismos empregados na coordinación de curso/grao, eliminando as reunións de coordinación. Sen embargo, na reflexión deste criterio non se fai referencia a esta necesidade, nin se propoñen accións de mellora que leven a sistemas mais eficaces. – A reflexión sobre as accións de orientación ao alumnado na EEI non é completa. A reflexión non recolle unha análise sobre o resultado destas accións de orientación (porcentaxe de accións desenvolvidas, participación do alumnado, ...) ou sobre o impacto que poden ter no alumnado (grao de satisfacción, ...) – A reflexión sobre o desenvolvemento das prácticas en empresa na EEI non é completa. Non se analiza se o número de prazas ofertadas é suficiente en relación coa demanda, nin o grao de satisfacción co desenvolvemento das mesmas tanto por parte do alumnado como das empresas participantes. – A reflexión sobre a xestión da mobilidade no título na EEI non é completa. Non se analiza se o número de prazas ofertadas é suficiente en relación coa demanda aos diferentes destinos, nin o grao de satisfacción do alumnado cos programas de mobilidade. En particular co programa Erasmus, onde todos os participantes están obrigados a cubrir unha enquisa sobre a súa estadia. Dado que no curso que se está a avaliar o número de participantes do grao en enxeñaría mecánica nos programas de mobilidade é baixo pode ser difícil levar a cabo esta análise. Non obstante, e dado que dende a coordinación do título insítese en facer unha valoración conxunta de todos os graos

	que se imparten no centro, esta debería incluír os aspectos sinalados.
Sistema de Garantía de Calidade	– Considérase fundamental que no CDU se aborde de forma integral a implantación do SGIC
Calendario de implantación	– A reflexión deste criterio na EEI debería facerse en atención ao título de graduado en enxeñaría mecánica. Por outra banda non se analiza a adecuación das táboas de validacións recollidas na Memoria, ou outras consideracións sobre o alumnado que se adapta ao grao dende as titulacións LRU. No apartado de preguntas frecuentes so figura o calendario de extinción das Enxeñarías Técnicas. Recoméndase incluír tamén información sobre a Enxeñaría Industrial. Especialmente no tocante ao prazo de finalización.

Recomendacións para a mellora

Criterio asociado	Xustificación
Descrición da titulación	<ul style="list-style-type: none"> - O número de prazas ofertadas na EEI cambiou dende a implantación do título, considerar a incorporación deste cambio en futuras solicitudes de modificación da Memoria do título. - Considerar a incorporación do cambio na Normativa de Permanencia da Universidade de Vigo en futuras solicitudes de modificación da Memoria do título. O enlace indicado actualmente na Memoria do título xa non está en vigor. Este cambio tamén afecta ao número mínimo de ECTS dos que se pode matricular un alumno ou alumna, a tempo parcial ou completo.
Xustificación	<ul style="list-style-type: none"> - Aínda que a Área de Apoio a Docencia e Calidade actúa como promotor no deseño e posta en marcha das enquisas a egresados e egresadas dos distintos títulos da Universidade Vigo, recoméndase indicar un responsable do centro na acción de mellora relacionada coa colaboración no deseño das enquisas. - Analizar os motivos polos que o cumprimento dos obxectivos de calidade do título na EEI descende ano a ano dende a implantación do título, e se se considera necesario poñer en marcha novas accións de mellora. - Aprobar canto antes a política e obxectivos de calidade do CUD. - Analizar se o número de convenios de colaboración con empresas asignados na EEI é suficiente para o Grao en Enxeñaría Mecánica en particular. - Analizar se o número de convenios de mobilidade asignados na EEI é suficiente para o Grao en Enxeñaría Mecánica en particular.
Competencias/ Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Facer extensiva a análise que se leva a cabo sobre como se adquiren as competencias GC12 e CG10 ao resto de competencias, en especial ás competencias transversais do título, tanto na EEI como no CUD, contribuíndo desta forma a evidenciar os mecanismos de consecución e avaliación da adquisición de competencias.
Acceso e admisión	<ul style="list-style-type: none"> - Estender a análise deste criterio ao alumnado que accede ao curso de adaptación na EEI (análise da demanda, perfil de ingreso, accións específicas de promoción e captación de alumnado, ...) - A pesares da baixa satisfacción coas probas de acceso e a información previsa no CDU, non se plantexan acción de mellora neste sentido. Sería desexable, dentro das posibilidades que se propuxeran melloras neste sentido.
Planificación das ensinanzas	<ul style="list-style-type: none"> - Aportar información sobre as accións de orientación levadas a cabo e a análise sobre os seus resultados na EEI. Continuar coa implantación efectiva do Plan de Acción Titorial na EEI. - Afondar na reflexión sobre o desenvolvemento das prácticas en empresa

	<p>na EEI (relación entre a oferta e a demanda, satisfacción dos distintos grupos de interese participantes, ...).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Afondar na reflexión sobre a xestión da mobilidade na EEI (relación entre a oferta e a demanda, satisfacción do alumnado enviado e recibido, ...) - Revisión do artigo nº 10 do regulamento do Traballo Fin de Grao da EEI, na súa actual redacción non se contempla a posibilidade de asignación de TFG no primeiro cuadrimestre, ou na convocatoria de FC. - Incluír no Plan de Accións de Mellora a posta en marcha da segunda etapa descrita no documento “Valoración dos resultados da avaliación do grao de satisfacción de titulacións oficiais 2013-2014 do alumnado do Grao en Enxeñaría Mecánica do CUD”, co obxectivo de identificar os motivos polos que o grao de satisfacción do alumnado, en relación coa coordinación e as accións de orientación, está baixando, situándose en valores por debaixo de tres, e tomar accións de mellora adecuadas.
<p>Recursos humanos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Concretar o desenvolvemento do apartado “Directorio” na páxina web da EEI como unha acción de mellora no Plan de Accións de Mellora
<p>Resultados</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Estender a análise deste criterio ao alumnado que accede ao curso de adaptación na EEI (taxa de eficiencia, abandono, satisfacción ...). - Asegurar os datos relacionados coa taxa de abandono na EEI xa que non coinciden cos datos proporcionados pola Universidade de Vigo a través da Unidade de Estudos e Programas. - Aportar información sobre os alumnos e alumnas que completaron a súa formación (desenvolvemento dos TFG, perfil dos egresados, resultados, ...), tanto na EEI, como no CUD, cando corresponda. - Comparar os resultados académicos cos dos outros graos que se imparten na EEI. Identificar os motivos polos que as taxas de abandono e rendemento varían significativamente duns graos aos outros. - Relacionar os resultados de aprendizaxe coas competencias adquiridas, tanto na EEI como no CUD. - Fomentar a participación do estudiantado da EEI nas enquisas de satisfacción en relación cos diferentes criterios, e facela extensiva ao profesorado pois, aínda que en menor medida, tamén a participación deste grupo de interese é baixa. Incluír a análise da información obtida nos informes de seguimento. - Considerar a posibilidade de introducir novos indicadores para a avaliación dos resultados tales como a taxa de éxito (na EEI), e a taxa de avaliación (na EEI, e no CUD).
<p>Sistema de Garantía de Calidade</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Continuar co proceso de revisión e mellora dos SGIC de EEI e do CUD. Continuar coa súa implantación, en especial no CUD. - Considerar a incorporación dos cambios na configuración dos SGIC en futuras solicitudes de modificación da Memoria do título.

<p>Plans de mellora</p>	<p>Contémplanse as propostas de mellora indicadas polo título no seu autoinforme de seguimento anual co fin de comprobar en anos sucesivos o seu nivel de cumprimento e o alcance na mellora do título:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Colaborar coa Área de Apoio a Docencia e Calidade no deseño das enquisas a egresados (EEI). - Implantación do Plan de acción tutorial (EEI). - Promoción da participación nas enquisas de satisfacción (EEI). - Mellorar a formación do persoal do centro en cuestións de calidade (EEI). - Solicitar a contratación de persoal estable e a tempo completo dedicado a cuestións de calidade (EEI). - Mellorar a información pública relativa ao criterio “Recursos Materiais e Servizos” (EEI). - Análise detallado das taxas de éxito e rendemento (EEI). - Análise da accesibilidade da web do centro (EEI). - Revisión das guías docentes para incorporar información de avaliación de competencias (CUD). - Impartición de sete materias do grao en inglés (CUD). - Rexistrar todas as actas do centros (reunións de coordinación profesorado, PAT, etc.) como evidencias do SGIC (CUD). - Impulsar a implantación do SGIC do Centro de cara á acreditación do título (CUD). <p>Nótese que aínda que as accións de mellora son propostas de forma independente por cada un dos centros, algunhas delas, poderían ser levadas a cabo por ambos. Estas son: a análise da accesibilidade das webs dos títulos, a revisión das guías docentes para incorporar información de avaliación de competencias, rexistrar as actas como evidencias do SGIC, e impulsar a implantación do SGIC do centro de cara á acreditación.</p>
<p>Boas prácticas</p>	<p>Revisar as accións consideradas como boas prácticas tanto por parte da EEI como do CUD. Considerando que efectivamente todas elas son accións positivas, e deben ser levadas a cabo, non sempre se corresponden con accións do curso que se está a avaliar (elaboración da normativa básica de docencia en lingua inglesa, aprobación do regulamento do TFG, posta en marcha dun Aula de Informática Virtual, ...), e outras refírense a accións xa comprometidas no proxecto ou necesarias para o seu correcto desenvolvemento (unificación da notación nas competencias, publicación de información completa sobre o proceso de acceso e admisión, sesións informativas sobre aspectos básicos da titulación, dispoñer do equipamento necesario para a docencia a tempo, ...).</p>

VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas por el CUD	Consideración do equipo avaliador
<p>Con respecto a:</p> <p><i>Debe desenvolverse completamente o PAT, que parece fundamental para unha titulación coa complexidade organizativa presente.</i></p> <p>Alegacións:</p> <p>En el apartado de la web del CUD dirigido al “Alumnado”, hay un subapartado denominado “Plan de Acción Tutorial” desde el que se puede descargar el PDF que describe los procesos y la organización del PAT (asignación de orientadores académicos y tutores militares a cada grupo de alumnos, entre otra información) para el curso en vigor. Este plan lleva implantado desde el curso 2010-2011.</p>	<p>Admitida:</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Se considera oportuno indicar que la no conformidad es aplicable a la titulación en su conjunto. En base a la información disponible en el momento de realizar el informe final de evaluación, se constata, en los dos centros, la existencia de un PAT aprobado para el curso 2014/15.</p>
<p>Con respecto a:</p> <p><i>Conviría desenvolver totalmente a normativa correspondente ao TFG no CUD.</i></p> <p>Alegacións:</p> <p>En el apartado de la web del CUD dirigido al “Alumnado”, hay un subapartado denominado “Trabajos Fin de Grado” donde se encuentra detallada toda la información relacionada con el asunto (normativas, guía docente, impresos, TFGs ofertados y asignados, tribunales, rúbricas de evaluación, sesiones de evaluación y defensa pública, así como el enlace al repositorio institucional donde se han publicado los TFGs de este primer curso en que se han realizado). Creemos que la normativa está totalmente desarrollada y aplicada, siempre susceptible de ser mejorada y pendiente de la evolución y/o posibles cambios de la normativa específica de TFG de la Universidade de Vigo.</p>	<p>Admitida:</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Se acepta la alegación, pues aunque la valoración de este epígrafe se refiere a la impartición del curso 2013/14, se ha podido observar que se ha solventado la problemática para el curso 2014/15 y siguientes.</p>
<p>Con respecto a:</p> <p><i>Analizar os resultados obtidos polos estudantes segundo a intensificación cursada.</i></p> <p>Alegacións:</p> <p>En el caso del CUD, no procede. Todos los alumnos cursan la misma intensificación en Tecnologías Navales.</p>	<p>Admitida:</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Se admite la alegación con la aclaración aportada.</p>

3. Accións levadas a cabo ante as recomendacións

Resultado:

 Conforme **Non Conforme**

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

En xeral, foron atendidas e resoltas as recomendacións sinaladas no último informe final emitido por ACSUG.

En todo caso, recoméndase continuar co desenvolvemento das seguintes:

- Elaborar un único informe de seguimento para a titulación e establecer unha sistemática de reflexión conxunta, xa que o proceso de seguimento indicado na normativa actual vixente, de igual modo que o futuro proceso de acreditación, alcanza á titulación no seu conxunto, por lo que non cabe elaborar un informe de seguimento por cada centro no que se imparte, se non un global da titulación (Informe de seguimento de ACSUG – Curso 2013/14 – 8/7/2014). Este feito será obxecto de especial revisión no próximo procedemento de Seguimento do título.
- Se ben é certo que non se pode ignorar que as diferenzas entre os dous centros dificulta o poder levar a cabo unha análise conxunta, o informe de seguimento debería evidenciar certo grao de coordinación entre os dous centros, a lo menos nos puntos comúns.

Información pública

- Revisar e avaliar as páxinas web específicas, de apoio ou complementarias da Universidade, Centros e Título, co obxectivo de corrixir problemas coa actualización da información, enlaces erróneos, enlaces rotos, cambios de ruta de acceso, información incompleta (Informe de seguimento de ACSUG – Curso 2013/14 – 8/7/2014).
- Actualizar e corrixir a incongruencia da información de acceso e admisión publicada na web da EEI. No apartado “Descrición do título” indícase que o número de prazas ofertadas é 180 (EEI) e 100 (CUD), no apartado de “acceso e admisión de estudantes”, no subapartado demanda indícase que se ofertan 180, en “matrícula” 170 na EEI e 100 no CUD (Informe de seguimento de ACSUG – Curso 2013/14 – 8/7/2014).
- Aportar información sobre o servizo de biblioteca na EEI (Informe de seguimento de ACSUG – Curso 2013/14 – 8/7/2014).

Competencias

- Continuar co proceso de evidenciar os mecanismos de consecución e de avaliación da adquisición de competencias, tanto na EEI como no CUD (Informe de seguimento de ACSUG – Curso 2013/14 – 8/7/2014).

Esta información podería incluírse no apartado “Descrición” de cada proba. Igualmente, podería incluírse información sobre que competencias se traballan coas distintas metodoloxías docentes empregadas, no apartado descrición de cada metodoloxía.

Acceso e admisión de estudantes

- Na EEI, comparar o perfil real de ingreso (materias cursadas en bacharelato) co previsto e analizar a información dispoñible para detectar desviacións e observar se ten influencia nos resultados académicos (Informe de seguimento de ACSUG – Curso 2013/14 – 8/7/2014).

Planificación das ensinanzas

- Eliminar nas fichas das materias correspondentes á materia “Matemáticas” a referencia a que a dedicación do estudante se completa cunha serie de créditos de traballo persoal (Informe Final de Verificación – 24/6/2010).

Recursos humanos

- Abordar o análise dos recursos humanos dispoñibles e comparalos cos previstos na memoria de verificación, segundo se indicaba no informe do ano anteriores

Recursos materiais

- Corrixir a táboa engadida na páxina 238 da Memoria xa que dita táboa non relaciona os laboratorios coa titulación (Informe Final de Verificación - 24/6/2010).

Resultados

- Comparar os resultados académicos cos de titulacións similares noutras universidades a través do SIIU, sempre e cando esta información sexa accesible (Informe de seguimento de ACSUG – Curso 2013/14 – 8/7/2014).
- Explicar cales son as accións levadas a cabo polo título cando se obteñan resultados negativos nas enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese (cando a porcentaxe de participación sexa significativa) (Informe de seguimento de ACSUG – Curso 2013/14 – 8/7/2014).

Non se trata de facer unha xeneralización, se non de explicar cales son as accións levadas en cada caso.

ACCIÓNS ANTE RECOMENDACIÓNS: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR